



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de OUTUBRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de outubro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez (Resolución de Alcaldía 10/10/2025), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(766).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 3 de outubro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(767).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA URBANIZACIÓN DO ADRO DA IGREXA DE CANDEÁN. EXPTE. 2374/150.

Visto o Informe xurídico do 03/09/2025 o informe de fiscalización de 29/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/10/2025 asinado polo xefe do

Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09/07/2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15/03/2024 asinou o *convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica* sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 06/02/2025 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para o **financiamento da urbanización do adro da igrexa de Candeán por importe de 311.269,45 euros**.

En data 11/07/2025 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 250182599, a Diocese presenta a solicitude de subvención para o financiamento da actuación, modificada con data 01/08/2025, doc. 250210997, achegando ao efecto proxecto de reforma; declaración de non solicitude nin obtención de axudas; certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

En data 26/08/2025 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 250228169, a Diocese presenta certificación na que sinala que a data de remate das obras, asinada no contrato de execución entre a Diocese e a empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRÓ, SLU. con data 4 de agosto de 2025, estableceuse o día 30 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

novembro de 2025. Así, e tendo en conta a necesidade de organizar e presentar a documentación requirida, precísase ampliar o prazo de xustificación ata o 15 de decembro de 2025.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvención SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIXIOSO.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico, que inclúe unha liña de subvención para a Conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo por importe de 200.000,00 € para o ano 2025.

En sesión plenaria de 11/08/2025 aprobouse inicialmente (estando pendente da aprobación definitiva) a modificación das contías previstas para o patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica; en especial, a Igrexa de San Cristovo de Candeán, é un ben de notable valor histórico, cultural e relixioso. O entorno presenta actualmente deficiencias en accesibilidade, pavimentación, iluminación e mobiliario urbano, que afectan tanto á seguridade dos visitantes como a la imaxe do conxunto; a axuda ten como obxectivo mellorar a accesibilidade a igrexa.

O Plan estratéxico establece no seu apartado VII, ámbito temporal, que “non será necesaria a modificación dos PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.

Polo tanto, a subvención proposta, incluída no Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026, unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria, só modificaría o importe proposto no Plan, manténdose sen cambios tanto o seu obxecto como o resto dos compoñentes da mesma.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estos efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acreditan as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que radican na recuperación da funcionalidade do adro, que require a defensa do espazo dispoñible fronte a continua ocupación por vehículos. Así, unha disposición adecuada do mobiliario urbano, arborado e pavimentación permitirá un uso peonil acorde co espazo.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.

Polo exposto, tras a emisión do informe xurídico e da Intervención Xeral, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de **CONVENIO ESPECÍFICO PARA O FINANCIAMENTO DO ACONDICIONAMENTO DO ADRO DA IGREXA DE S. CRISTOVO DE CANDEÁN.**

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I.

TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **311.269,45 euros**, imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 do estado de gastos del presuposto. ”

CUARTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA URBANIZACIÓN DO ADRO DA IGREXA DE CANDEÁN

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e cinco



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese"

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo

diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, e Distritos, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmoables de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III-.- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 6 de febreiro de 2025 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito convenio o acondicionamento do adro da igrexa de S. Cristovo de Candeán.

V.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360.7800010 en concepto de subvencion SUBVENCÍONS PATRIMONIO HISTORICO ARTÍSTICO RELIXIOSO

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento do acondicionamento do adro da igrexa de S. Cristovo de Candeán.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de TRESCENTOS ONCE MIL EUROS DOUSCENTOS SESENTA E NOVE CON CORENTA E CINCO EUROS (311.269,45 €) segundo a memoria presentada.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupostaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 Subvencións Patrimonio Histórico Artístico relixioso dos orzamentos municipais



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) A Diocese Tui Vigo, na súa condición de promotora da obra, achegará ao expediente copia dixitalizada do proxecto, da licenza e das autorizacións que conforme a lexislación sectorial aplicable resulten preceptivas.
- b) Executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas.
- c) Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde.
- d) Na súa condición de promotor, corresponderalle á Diocese Tui o outorgamento do contrato de execución das obras obxecto do presente convenio.
- e) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- f) Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- h) Comunicar ao Concello de Vigo a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo e acta de recepción, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante do Concello.

- i) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- j) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- k) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención de TRESCENTOS ONCE MIL EUROS DOUSCENTOS SESENTA E NOVE CON CORENTA E CINCO EUROS (311.269,45 €) tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o **15 de decembro de 2025**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Non obstante de conformidade co artigo 70 do RLXS, previa solicitude do interesado antes de rematar o prazo e nos termos sinalados no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que con elo non se prexudiquen dereitos de terceiro.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 50006930 4002 8663, entidade bancaria A BANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de ata o 50% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega da documentación xustificativa. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

A Diocese de Tui-Vigo, como entidade executora das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación das obras necesarios para desenvolver as actuacións subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- - COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polo instrutor do expediente.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

3(768).- SOLICITUDE DE CAMBIO DE ACTIVIDADE DO POSTO F01 NO MERCADO DO PROGRESO DA ACTIVIDADE DE FLORISTERÍA A ALIMENTACIÓN. EXPTE. 11371/106.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 07/10/2025 asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado pola secretaria de Administración Municipal e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 23 de maio de 2025, acordou aceptar a renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. María Teresa Collazo Mayor por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/09/2009 e en consecuencia outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia F01 florería, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 11/09/2025, doc. 250243106, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso solicita o cambio de uso do posto F01 (anterior F11) do uso inicial de florería ao da venda de produtos alimentarios.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

3.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 29/09/2025 doc. 290266861, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso presenta escrito onde indica que a venta sería de viños, café, froitos secos, chocolates, conservas e outros produtos alimentarios relacionados e a instalación de mobiliario necesario para a realización da actividade.

4.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para

a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interese ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobre os postos que resulten vacantes tanto por resultar sobranceiros coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobre estes.

No presente suposto, a solicitude de cambio de uso do posto F01 (F11) no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén o cambio de uso do posto F01 (F11), da actividade de florería á actividade de alimentación.

COMPETENCIA

Respecto ao órgano competente para a adopción do acordo, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio en sesión ordinaria de 19.06.2014 (expte. 5470-551). A cláusula 4ª 1 c) PCAP impón á previa autorización expresa do órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

"PRIMEIRO.- Aceptar o cambio de uso de florería ao uso de venda de produtos alimentarios do posto de referencia F01 (F11), tal como solicita a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(769).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2025. EXPTE. 24743/333.

Visto o informe xurídico do 30/09/2025 e o informe de fiscalización do 01/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES

1. Mediante Acordo de data 20.06.25 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras para a concesión de "axudas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, por un importe total de 50.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.
2. Mediante anuncio publicado no BOPPO núm 122 de data 27.06.25, foi publicada a convocatoria, con indicación de que o prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, sería de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
3. No período de presentación de solicitudes se presentaron 42 solicitudes de deportistas, das que admitíronse definitivamente 29.
4. Consta incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- a) Certificado municipal acreditativo do cumprimento do requisito específico establecido no apartado d.1 da base 4ª de estar empadroadado na cidade de Vigo con vixencia mínima ininterrompida dende o 01.01.24.
- b) Datos completos individualizados sobre as competicións e puntuacións obtidas por cada un/unha dos/das deportistas.
- c) Acta da Comisión Avaliadora do 03.09.09, asinada polo Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, polo Técnico deportivo do servizo de deportes e polo Concelleiro Delegado de Deportes.
- d) Cálculos individualizados e detalle das competicións e puntuacións segundo os baremos establecidos nas bases da convocatoria.

II.- FUNDAMENTOS

Vista a proposta do 25.09.25 (Modificación da acta inicial de 03.09.25) da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo do servizo de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 13ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 6ª das bases da convocatoria establécense os criterios para a concesión das axudas:

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Categorias de competición Subvencionadas: Categoría absoluta e anteriores (Non son subvencionables categorías Master, Veteranos, etc e calquera categoría posterior á absoluta).
 - Nados antes do 01.01.2007.
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración, deberán ter a designación oficial, o cal deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
 - No caso de que a competición da que se trate estea conformada por varias probas e teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final, e non a clasificación dunha única proba.
 - No caso de existir máis dunha final, terase en conta unicamente o resultado da final de maior nivel,
 - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 15 participantes na proba e 5 países en categoría masculina, e 12 participantes e 4 países en categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8 participantes, sen terse en conta o número de países



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

participantes.

- Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8.
 - Competicións de deporte adaptado:
 - Participación mínima esixida será de 5 deportistas.
 - Entre 5 e 8 deportistas participantes, aplicarase un factor de corrección, que multiplicará a puntuación obtida por 0,20.
 - A categoría de “Outras competicións Internacionais” engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial acreditado pola federación correspondente.
 - No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
 - No caso de solicitantes que participen como “Guías” en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
 - Datas de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 16 de xuño de 2024 e o 15 de xuño de 2025.
- Puntuacións:

	Outras compet. Intnais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

Por outra banda a cláusula 7ª da convocatoria establece as contías máximas e límites individualizadas das axudas do seguinte xeito:

a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:

- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
- 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
- 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
- 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".
- 5º.- En caso de persistir o empate, o importe correspondente dividiríase entre os deportistas empatados.

A esta convocatoria presentáronse un total de 42 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 29 e rexeitáronse 13 polos motivos detallados no anexo II.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/unha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso en virtude das puntuacións acadadas.

Tendo en conta a orde de prelación e os límites establecidos na cláusula 7ª das bases da convocatoria, resultou que o importe total distribuído entre os/as deportistas beneficiarios/as é de 42.000,00€.

Os/as solicitantes declaran que todos os datos reflectidos na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo.

Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar empadroados ininterrompidamente en Vigo desde o 01/01/2024 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións entre os/as deportistas relacionados segundo a distribución prevista no Anexo I, por importe de 42.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do orzamento en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

vigor.

Segundo.- Rexeitar as solicitudes dos/das deportistas relacionados segundo consta no anexo II polos motivos indicados no dito anexo

Terceiro.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO

NÚ M.	APELIDOS E NOME	DNI	EXPE- DIENTE	MODALIDADE	TOTAL PUN- TOS	importe
1	RODRIGUEZ GACIO SU- SANA	36****66A	24898- 333	TRIATLON ADAPTADO	320	2.500,00 €
2	GUZMAN BITAR JOHAN SEBASTIAN	****1614W	24883- 333	PATINAXE VE- LOCIDADE	280	2.500,00 €
3	MARTÍNEZ ABELENDIA LAURA	5****502Q	24917- 333	JUDO	275	2.500,00 €
4	DE LA PUENTE RIOBO MARTIN	39486****	24924- 333	TENIS EN SILLA DE RUEDAS	180	2.500,00 €
5	CABELLO VIEITEZ PA- BLO	****0890L	24905- 333	VELA	180	2.500,00 €
6	RODRIGUEZ MENEN- DEZ JUDITH MARIA	3946****G	24925- 333	ESGRIMA SILLA DE RUEDAS	160	2.500,00 €
7	SAAVEDRA REINALDO JUAN ANTONIO	440****4T	24926- 333	TIRO OLIMPICO	150	2.500,00 €
8	FERNANDEZ HERRIN RODRIGUEZ TOMAS	5****327B	24912- 333	TAEKWONDO	150	1.250,00 €

NÚ M.	APELIDOS E NOME	DNI	EXPE- DIENTE	MODALIDADE	TOTAL PUN- TOS	importe
9	NAVARRETE SANTANA ESTER	53****62Y	24909- 333	ATLETISMO	150	1.250,00 €
10	FERRON GUTIEREZ JUAN	531****6D	24922- 333	NATACION ADAPTADA	107	1.250,00 €
11	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ LAURA	5319****Q	24913- 333	JUDO	100	1.250,00 €
12	WIZNER PEREZ-LA- FUENTE JAIME	39466****	24935- 333	VELA	100	1.250,00 €
13	WIZNER PEREZ-LA- FUENTE MARTIN	****6434K	24936- 333	VELA	100	1.250,00 €
14	DOMINGUEZ FERNAN- DEZ MARTA	3****277Z	24907- 333	SQUASH	100	1.250,00 €
15	GARCÍA TORNÉ DAVID	48****47W	24920- 333	JUDO	90	1.250,00 €
16	MARTINEZ NOVOA MI- GUEL	538****5V	24880- 333	NATACION	90	1.250,00 €
17	PÉREZ SOLER EVA	5390****H	24929- 333	JUDO	85	1.250,00 €
18	CAMPOS MENDEZ IG- NACIO	36158****	24918- 333	VELA	75	1.000,00 €
19	BASTOS NOVELLE YO- LANDA	****0715E	24919- 333	VELA	75	1.000,00 €
20	FERNANDEZ FERREIRO JACOBO	3****701W	24899- 333	BADMINTON	70	1.000,00 €
21	RODRÍGUEZ DÍAZ MA- TEO	53****02H	24887- 333	ORIENTACIÓN	65	1.000,00 €
22	SERRAT SEOANE AN- TONIO	531****9V	24884- 333	TRIATLON	30	1.000,00 €
23	IGLESIAS GOMEZ CA- ROLINA	3949****Y	24933- 333	VELA	30	1.000,00 €
24	FERNANDEZ SACRIS- TAN PEDRO	53199****	24928- 333	VELA	30	1.000,00 €
25	FERNANDEZ FERREIRO GABRIEL	****6702A	24900- 333	BADMINTON	23	1.000,00 €
26	GARCIA BLANCO CELIA	5****925C	24915- 333	TAEKWONDO	20	1.000,00 €
27	CABELLO CAÑAS MA- RÍA TERESA	39****12Q	24904- 333	VELA	20	1.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

NÚ M.	APELIDOS E NOME	DNI	EXPE- DIENTE	MODALIDADE	TOTAL PUN- TOS	importe
28	ROMAN LEIROS JORGE	394****2B	24910- 333	ATLETISMO	15	1.000,00 €
29	GUERRA ACOSTA LURA JULIETH	Y813****5	24934- 333	ESGRIMA	15	1.000,00 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

- a) Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPEDIEN- TE
CRUZ GÓMEZ LORENA	****4543N	24930-333
RASCADO NOVAS MARCOS	5****824B	24885-333
POMBO FERNANDEZ IVAN	76****02E	24921-333
DAPENA GARCIA AINTZANE	538****0N	24908-333

- b) Por rexistrar a solicitude de subvención fora de prazo:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPEDIEN- TE
HUGO VARELA CAMPO	****1227N	24938-333

- c) Por non cumprir o requisito de data de nacemento anterior ó 01.01.2007:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPEDIEN- TE
MARTIN ESTEBAN LUCAS	****0293J	24881-333
ALVAREZ NUÑEZ MARTIN	3****515D	24882-333
NIMO ALVAREZ XAIDO	55****53J	24911-333
ALVAREZ VAZQUEZ MARTA	775****8L	24906-333
ALVAREZ NUÑEZ MARINA	3951****X	24923-333
CABELLO CAÑAS MARIA ISABEL	39497****	24927-333

GOMEZ VAZQUEZ ALVARO	****9999L	24931-333
RUSO VAZQUEZ TELMA	5****184Y	24932-333

5(770).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACÍONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO 2025. EXPTE. 24609/333.

Visto o informe xurídico do 24/09/2025 e o informe de fiscalización do 01/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Mediante acordo de data 09.05.25, a Xunta de Goberno local aprobou as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as “subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo por un importe total de 170.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3420.7800011.

2.- Mediante anuncios publicados no BOPPO núm. 91 e 95 de datas 15.05.25 e 21.05.25, foron publicados a convocatoria e o extracto da mesma, con indicación de que o prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, sería de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.- No período de presentación de solicitudes presentáronse 2 solicitudes de subvención.

4.- Consta incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- a) Certificado de ausencia de débedas co Concello de Vigo das entidades solicitantes admitidas no procedemento.
- b) Informe da xefatura de Deportes do 17.09.2025 sobre avaliación individual das solicitudes.

II.- FUNDAMENTOS

1.- Vista a proposta do 28.07.25 (Modificada con data 17.09.25) da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o técnico do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

2.- Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, sobre un máximo de 115 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

1.- Umbrais mínimos de puntuación: Á vista das limitación orzamentarias para obter a condición de beneficiario, o solicitante deberá cumprir os seguintes umbrais mínimos:

- Liña 1: Acadar 65 puntos na valoración dos criterios.
- Liña 2: Acadar 50 puntos na valoración dos criterios.

2.- Para efectuar a proposta de concesión da subvención, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 115 puntos:

a) Polo alcance do proxecto:

Liña 1:

- 10 puntos para proxectos de importe de entre 50.000€ e 75.000,00€
- 15 puntos para proxectos de importe de entre 75.000,01€ e 100.000,00€
- 50 puntos para proxectos de importe superior a 100.000,00€

Liña 2:

- 10 puntos para proxectos de importe de entre 6.000€ e 8.000,00€
- 15 puntos para proxectos de importe de entre 8.000,01€ e 10.000,00€
- 50 puntos para proxectos de importe superior a 10.000,00€

b) Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 15 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 5 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 15 puntos: >50 licencias deportivas.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2024/2025.

3.- A esta convocatoria presentáronse dúas solicitudes:

- CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL (CIF. G36743433), que presentou solicitude polo rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 12.06.25 (Doc. 250136483), complementada o 24.07.25 (Doc.250206534).
- CLUB ATLÉTICO HURACÁN DE ZAMÁNS (CIF. G55466320), que presentou solicitude polo rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 25.06.25 (Doc. 250128878).

4.- Da avaliación realizada pola comisión avaliadora en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, admitíronse no procedemento ambas solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos da convocatoria.

5.- Da avaliación realizada pola comisión de valoración (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a puntuación acadada polas entidades solicitantes admitidas é:

- LIÑA 1: PROXECTOS DE INVERSIÓN NA MELLORA, ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE VESTIARIOS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:
 - 100 PUNTOS. Tendo en conta que o importe da liña 1 da convocatoria é de 150.000,00€, o valor unitario do punto é 1.500,00€.
- LIÑA 2: PROXECTOS DE INVERSIÓN NA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DOS TERREOS DE XOGO DE CAMPOS DE FÚTBOL:
 - 50 PUNTOS. Tendo en conta que o importe da liña 2 da convocatoria é de 12.000,00€, o valor unitario do punto é 240,00€.

6.- Cumprimento base 8ª: Tal como establece a cláusula 8ª das bases da convocatoria, o importe proposto para as entidades admitidas no procedemento non supera, en ningún dos casos, o 80% establecido como límite subvencionable do custo efectivo das actuacións, tal como se detalla a continuación:

EXP-TE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subven- ción	IMPORTE PROXECTO	% SUBVENCIO- NADO
LIÑA 1: PROXECTOS DE INVERSIÓN NA MELLORA, ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE VESTIARIOS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES NOS CAMPOS DE FÚTBOL						
24864-333	CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL	G3674 3433	100	119.998,58 ,00 €	149.998,58€	80%
LIÑA 2: PROXECTOS DE INVERSIÓN NA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DOS TERREOS DE XOGO DE CAMPOS DE FÚTBOL:						
24865-333	CLUB ATLÉTICO HURACÁN DE ZAMÁNS	G5546 6320	50	9.176,64	11.470,80	80%

7.- Cumprimento Base 5ª: Os proxecto presentados polas entidades solicitantes de subvención foron sometidos á comprobación e informe por parte dos arquitectos municipais en relación ó cumprimento das obrigas e consideracións establecidas na cláusula 5ª das bases, referidas ós terreos, ás edificacións e ós proxectos, resultando que:

Nº EXPTE	ENTIDADE
24864-333	CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL (CIF.G36743433)
INFORME Nº2 SOBRE O CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DOS TERREOS, AS	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

EDIFICACIÓNS E OS PROXECTOS PRESENTADOS POLOS SOLICITANTES EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO 2025 (EXPTE. 24609-333)

A vista da documentación técnica achegada no expte 24864/333 dando resposta ó solicitado no informe técnico do 15/07/2025 procédese a informar sobre o Cumprimento e consideracións das condicións establecidas no apartado 3 da cláusula 5ª das bases, referidas ós terreos, as edificacións e ós proxectos:

“Memoria para la reforma de los vestuarios del Campo de fútbol A Pirucha”

- A memoria que se presenta é un proxecto redactado por técnico competente.
- Inclúense planos nos que se indican cada unha das actuacións que se propoñen.
- A partida 05.01 está cuantificada en m², especificando os m² a instalar e o prezo por cada m² do material de revestimento.
- As partidas 06.09 e 06.10 especifican os m² de superficie e o prezo considerado por cada m².
- O terreo no que se pretenden executar as obras conta coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación resulta compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- A memoria conta cun orzamento total de 149.998,22 (IVE incl.), resultando € un importe superior a 50.000,00 € (Liña 1: mellora, adecuación e modernización de vestiarios e edificacións existentes nos campos de fútbol),
- O proxecto NON CONTA coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística.
- O proxecto inclúe medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación.
- A comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e da inscrición no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia terá que efectuarse polo Servicio de Deportes do Concello de Vigo.

Nº EXPTE	ENTIDADE
24865/ 333	CLUB ATLÉTICO HURACÁN (CIF. G355466320)

INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DOS TERREOS, AS EDIFICACIÓNS E OS PROXECTOS PRESENTADOS POLOS SOLICITANTES EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO 2025 (EXPTE. 24609-333)

A vista do solicitude efectuada polo Xefe do Servizo de deportes, compróbanse as condicións esixibles para a solicitude achegada polo Club Atlético Huracán de Zamáns, admitido no proceso da convocatoria citada:

Cumprimento e consideracións das condicións establecidas no apartado 3 da cláusula 5ª das bases, referidas ós terreos, as edificacións e ós proxectos:

“Memoria descriptiva sobre sustitución de luminarias en campo de fútbol San Cosme Zamáns” , redactada polo enxeñeiro técnico industrial D. Leonardo Pérez Alonso, incluíndo memoria descriptiva das actuacións, orzamento detallado, plano da instalación e estudio lumínico.

- O terreo no que se pretenden executar as obras conta coa clasificación necesaria

para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación resulta compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.

- A memoria conta cun orzamento total de 11.470,80 (IVE incl.), resultando un € importe superior a 10.000,00 € (Liña 2: mellora da eficiencia enerxética da iluminación dos terreos de xogo de campos de fútbol),

- O proxecto NON CONTA coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística.

- O proxecto NON inclúe medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación.

- A comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de

abril, do deporte de Galicia, e da inscrición no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia terá que efectuarse polo Servicio de Deportes do Concello de Vigo.

Do informe dos arquitectos se infire que as entidades admitidas no procedemento cumpren cos requisitos dos beneficiarios e as condicións dos terreos e as edificacións, tendo en conta que as bases establecen na cláusula 16ª que as entidades presentarán al licencias necesarias para a execución dos proxectos no momento da xustificación, e que o Club Atlético Huracán incorporou á documentación o plan de medidas de xestión medioambiental (Cuestión comprobada e informada polos arquitectos municipais e informada con data 09.09.25).

8.- Por outra banda, a base 5ª establece que as instalacións deberán cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberán estar inscritas no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia. As entidades admitidas presentaron o certificado, que acredita a inscrición das instalacións no dito Rexistro.

9.- A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou e acredita que os documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes admitidas están vixentes no momento da súa revisión.

10.- No anexo I detállanse os datos das entidades admitidas no procedemento e o importe proposto.

11.- A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

12.- Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos pola Federación Deportiva de fútbol.

13.- As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflectidos na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

14.- O Anexo I detalla o importe da subvención proposta para a entidade admitida no procedemento. Este importe está definido polo produto dos puntos acadados pola entidade e o valor unitario do punto para cada unha das liñas.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as seguintes subvencións, con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. Deportivas”:

LIÑA 1: PROXECTOS DE INVERSIÓN NA MELLORA, ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE VESTIARIOS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES NOS CAMPOS DE FÚTBOL						
EXP-TE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención	IMPORTE PROXECTO	% SUBVEN-CIONADO
24864-333	CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL	G3674 3433	100	119.998,58,00 €	149.998,58€	80%
LIÑA 2: PROXECTOS DE INVERSIÓN NA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DOS TERREOS DE XOGO DE CAMPOS DE FÚTBOL:						
EXP-TE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención	IMPORTE PROXECTO	% SUBVEN-CIONADO
24865-333	CLUB ATLÉTICO HURACÁN DE ZAMÁNS	G5546 6320	50	9.176,64	11.470,80	80%

Segundo.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(771).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2026 . EXPTE. 10550/335.

Visto o informe-proposta de data 06/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, rectificado o 08/10/2025, sométese a aprobación co seguinte contido:

ANTECEDENTES

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2026, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o concello ofrece ás nenas e aos nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vente cos Reis Magos”**.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

DAS BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2026

O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenas e nenos da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real. Para ilo é preciso aprobar unhas bases que establezan os criterios para a selección dos nenos e nenas, así como as normas que rexen á convocatoria.

Unha vez aprobadas as bases de participación para este concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org.

As bases inclúense no Anexo I a este informe.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-IX-

PROPOSTA DE ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“1º.- Aprobar as Bases de participación que se achegan como anexo ao presente informe ao concurso 'Vente cos Reis Magos 2026' que teñen por obxecto seleccionar



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

a corenta nenas/os para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2026.

2º.- Publicar as bases na páxina web municipal www.vigo.org".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO "VENTE COS REIS MAGOS 2026"

1.- Obxecto

O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos, en total, para acompañar aos Reis Magos na Cabalgata de Reis, que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2026. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.

2.- Requisitos de participación

Neste concurso poderán participar todas as nenas e todos os nenos da cidade que o desexen.

A única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2017, ambos incluídos.

Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3.- Lugar de presentación de solicitudes

As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns.

Para participar só será necesario cubrir a solicitude de participación que poderá descargarse da páxina web municipal (www.vigo.org) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.

Só se aceptará unha solicitude por nena ou neno, sendo eliminados do concurso aquelas persoas que presenten máis dunha solicitude por nena/o.

O período de inscrición será do 20 de novembro ao 10 de decembro de 2025, ambos incluídos.

Finalizado o prazo de inscrición elaborárase unha lista de participantes. Ao abeiro de dita lista convocárase sorteo público.

4.- Protección de datos

A protección de datos garante o dereito dos cidadáns e cidadás a controlar os seus datos persoais e a dispor e decidir sobre os mesmos. Toda a cidadanía ten o dereito fundamental á protección da súa privacidade e dos seus datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban a través desta sede electrónica axustarase aos principios e obrigacións establecidos no [Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 \(RGDP\)](#), relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos, e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE, e a [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais](#).

O Concello de Vigo comprométese ao cumprimento da súa obrigaón de confidencialidade con respecto aos datos de carácter persoal que poidan ser solicitados a través dos servizos da súa sede, e ao seu tratamento. Para estes efectos, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

A recollida e tratamento automatizado de datos de carácter persoal ten como única finalidade a prestación dos servizos solicitados, e o seguimento de consultas realizadas polas persoas usuarias.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da finalidade, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Con carácter xeral non se comunicarán os datos persoais a terceiros, salvo obrigaón legal, entre as que poden estar as comunicacións a xuíces e tribunais.

En todo momento poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición solicitándoo á Dirección da Axencia por calquera medio que deixe constancia do seu envío e da súa recepción.

Máis información:

https://sede.vigo.org/expedientes//sede_textos/texto.jsp?id=sede_lopd&lang=gal

5.- Lugar e data do sorteo

Finalizado o prazo de inscrición convocárase o sorteo público. Este sorteo realizarase ante un funcionario/a municipal que teña asignada a fe pública, para a selección dos corenta (40) participantes.

O sorteo realizarase o día 16 de decembro de 2025, ás 12:00 horas, no Auditorio Municipal da Casa do Concello.

No sorteo, ademais das nenas e nenos seleccionadas/os, elixíranse doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.

Do resultado do sorteo elaborárase unha lista dos 40 candidatos seleccionados e unha lista de 12 suplentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

6.- Documentación a achegar das persoas seleccionadas

Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deberán, previa comunicación do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentación:

- a) A autorización de participación da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas
- b) A autorización para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na vía pública
- c) DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena
- d) Documento acreditativo da súa condición de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado
- e) Un número de teléfono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha dirección de correo electrónico onde notificar o requirimento de documentación

No caso de non achegar esta documentación no prazo indicado polo servizo de festas, o concello poderá declaralos decaídos da súa solicitude de participación, e procederase a un novo chamamento na lista de suplentes.

O neno ou nena, que por razóns persoais, non poda asistir á cabalgata, deberá comunicalo o antes posible ao servizo municipal de festas, co fin de cubrir dita praza.

7.- Seguro de Responsabilidade Civil

O Concello de Vigo disporá dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados ou sufridos polos participantes no desenvolvemento deste evento.

8.- Órgano competente

A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

9.- Publicidade

As bases de participación neste concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org e nos medios de comunicación locais.

10.- Outras obrigas

A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 2 de xaneiro de 2026 ás 11:00 horas no auditorio municipal. Do mesmo xeito deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido de la Cabalgata.

7(772).- SOLICITUDE DE HOSTELERÍA SAMIL PLAYA S.L.U DE PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA BAR-RESTAURANTE (N.º 4) NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 22214/240.

Sométese a aprobación o informe-proposta de 6/10/2025, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LCSP (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Publico).
- RDL 8/2020 (Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVI-19)
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).
- Prego de condicións para a adxudicación da Construción, Xestión e Explotación de cinco bares-restaurantes e vestiarios públicos na Praia de Samil (Acordo Plenario do 27 de xuño de 1985)

INFORME-PROPOSTA:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Por Resolución da Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, de data 27/06/2025, resolveuse:.

“PRIMEIRO.- Nomear ó arquitecto técnico municipal, Santiago Ledo Martinez, interventor-técnico consonte ao previsto na Cláusula XVI do Prego de Condicións Administrativas aprobado polo Pleno municipal en data 3/7/1984, e que rexe a concesión administrativa outorgada a D. Senen Pérez Laiz para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurante na Praia de Samil, Vigo.

SEGUNDO.- Que polo técnico municipal se proceda a inspección e comprobacións dos bens, dereitos e instalacións afectos a dita concesión administrativa e obxecto de reversión ó patrimonio municipal ó remate desta, emitindo informe sobre o seu estado de conservación e funcionamento, e propoñendo, no seu caso, as reparacións, correccións e reposicións que resulten necesarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á entidade concesionaria, HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U , para o seu coñecemento."

Resolucion notificada a concesionaria en data 31/07/2025.

SEGUNDO.- Mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello, do 7 de agosto do 2025, solicítase por HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U a prórroga da concesión administrativa, motivando súa pretensión no prazo máximo previsto na normativa reguladora das concesion de servizos que o fixa en 50 anos, entendendo que o prazo establecido de 40 anos da concesión no Prego de condicións, non ten carácter de máximo, podéndose ser prorrogado por dez anos mais, ata cumprir os 50 de prazo.

Subsidiariamente, de non atenderse a dita prórroga, solicita se lle recoñeza unha ampliación do prazo concesional ata o 13/11/2031, en aplicación do previsto no art. 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19, como tiña solicitado en setembro do 2022.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo, en sesión plenaria de 30 de outubro de 1985, acordou adjudicar a D. Senen Perez Laiz, polo prazo de 40 anos, a concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurant sinalado no Plano "O" co n.º 4, na Praia de Samil, desta cidade de Vigo, con estrita suxeición ó proxecto -tipo aprobado polo Pleno o día 3 de xullo de 1984 e ó Prego de Condicións aprobado polo Pleno en sesión de 27 de xuño de 1985.

Acordo notificado ó adxudicatario o 14 de novembro de 1985, e formalizada a concesión administrativa en escritura publica de data 21/02/1986.

SEGUNDO.- A Entidade solicitante, HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U, ostenta na actualidade a condición de concesionaria do dereito real administrativo outorgado, por subrogación nos dereitos e obrigas do anterior titular, resultando autorizada dita subrogación polo concello por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2007.

TERCEIRO.- Centrase o obxecto do presente informe na viabilidade da prórroga do prazo concesional que solicita a empresa concesionaria no seu escrito do pasado 7 de agosto.

A).- A concesionaria plantexa, en primeiro termo, unha prórroga da concesión ata ós 50 anos, ó considerar que é dito prazo o máximo previsto para as concesións de servizo no art. 115.4º do RSCL, e ante a falta de regulación no Prego de condicións do réxime de prorrogas aplicable, nin fixarse na escritura de formalización do contrato que o prazo dos 40 anos ten carácter de máximo.

Procede sinalar o respecto que a concesión administrativa foi outorgada con *estrita suxeición* ó Prego de Condicións aprobado polo Pleno en sesión de 27 de xuño de 1985, tal e como reflexa o acordo plenario de data 30/10/1985 de adjudicación a D. Senen Perez Laiz. O prego de condicións, polo tanto, constitúe o documento administrativo que fixa os

pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, resultando “lex contractus” entre éstas, e ó que quedan vencelladas para seu cumprimento nos propios termos acordados.

Atendendo ó contido de dito prego de condicións, establececese no apartado II.- *Prazo de la Concesión, que: La concesión administrativa se outorgará por un prazo máximo de 40 años, contados desde la fecha de notificación del outorgamento de la adxudicación definitiva (...).*

En consecuencia, dito prazo dos 40 anos, ten carácter de máximo de duración da concesión, reflectido no prego de condicións pola que se rexe, e que incorporouse a escritura publica do 21/02/1986 na que foi formalizada a aceptación da concesión por parte do concesionario, quen a aceptou na forma e condicións que constan no devandito prego de condicións, e obrigase ó cumprimento de todo o seu contido.

Por outra banda, é xustamente a falta de previsión dunha posible prorroga da concesión no prego de condicións, o que determina que non poda acordarse esta. Do contido do prego pódese deducir claramente que a vontade desta administración foi limitar a 40 anos o prazo da concesión, e por iso o fixou con carácter de máximo e non estableceu a posibilidade de prorroga algunha. O contrario, contempla a redución de dito prazo como elemento a ter en conta na adxudicación da concesión, e así consta como criterio para a valoración das proposicións a presentar polos licitadores no apartado XXVI do Prego de condicións.

Conseguentemente, fixado en 40 anos o prazo de duración da concesión dende a data da notificación da súa adxudicación (14/11/1985), resulta ó vindeiro 14 de novembro de 2025 como data na que rematará o prazo concesional, e con iso a vixencia da concesión outorgada.

A teor do exposto, a solicitude de prorroga da concesión formulada, resulta inviable xuridicamente, xa que vencellados, como queda dito, as partes contratantes polo clausulado do prego de condicións, o cumprimento de dito prazo polo que foi outorgada, dará lugar a extinción da concesión, non sendo admisible unha prorroga non prevista no prego e que contraviría o prazo máximo fixado de duración desta, nin atender a outros prazos distintos do fixado no prego, procedendo consequentemente rexeitar a solicitude de prorroga por carecer de base xurídica que a lexitime.

B). No que respecta a solicitude de prorroga interesada na aplicación do previsto no art. 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19 procede, igualmente, seu rexeitamento o non concorrer os presupostos legais fixados en dita norma para su posible recoñecemento.

I.- O art. 34.4 do RDL 8/2020 sinala: *Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ó Sector Público no sentido definido no [artículo 3 de la Ley 9/2017, de 8 de novembro](#), a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, ás comunidades autónomas oua Administración local para combatelo darán dereito ó concesionario ó restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

Dicho reequilibrio en todo caso compensará ós concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custes soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente houberan aboadado, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos durante en el período de duración da situación de feito creada polo COVID-19. Solo se procederá a dita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, e efectividade e importe polo contratista de ditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado solo procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, houbera apreciado a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada por dita imposibilidade.

Asi mesmo, na Disposición final décima dispónse sobre a vixencia das medidas previstas nese RDL 8/2020, establecendo que, con carácter xeral, estas manterán sua vixencia ata un mes despois do fin da vixencia da declaración do estado de alarma.

II. A fin de determinar dito período de vixencia da norma, o Tribunal Supremo, en sentenza do 18/12/2023 da Sala do Contencios-Administrativo sinalou ó respecto que (...)Las previsiones contenidas en el artículo 34.4 RD-ley 8/2020 y en el artículo 25 del RD-ley 26/2020, de 7 de julio, serán las normas aplicables para resolver sobre la compensación solicitada por la sociedad concesionaria durante el periodo de vigencia del primer estado de alarma y el mes siguiente, es decir desde el 14 de marzo de 2020 hasta el 21 de julio de 2020, como determina con toda claridad la disposición final décima del RDL 8/2020 (cuya rúbrica es precisamente la de "vigencia"), en la redacción dada por la disposición final 1.17 del Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de mayo.:

Fixada polo tanto a data da sua vixencia no 21/07/2020, pódese concluír que a solicitude de ampliación do prazo concesional formulada pola concesionaria o 20/09/2022, en base o disposto no art. 34.4 do RDL 8/2020, efectuouse cando a norma xa non atopábase vixente por ter transcorrido, en exceso, o prazo previsto na Disposición final décima da mesma.

III.- Non estimase que no presente caso se cumplan os requisitos esixidos no RDL 8/2020 para a viabilidade da compensación exposta. No seu escrito, a concesionaria limitase a formular, de modo xenérico, a aplicación de dita norma, pero sen chegar a acreditar a concorrencia dos presupostos legais requiridos pola mesma, para que poida xurdir o dereito a unha compensación, mediante a ampliación do prazo concesional interesado.

a). O apartado 4 do seu art. 34 dispón o ámbito de aplicación da norma respecto os contratos públicos de obras e concesión de servizos, que defínense no apartado 7 ó sinalar que teñen a consideración de contratos públicos aqueles que estean suxeitos a Ley 9/2017 de Contratos do Sector Publico, así como os contratos de concesión, de obras ou de servizos, incluídos os de xestión de servizos públicos.

Agora ben, a LCSP exclúe do seu ámbito de aplicación as autorizacións e concesións sobre bens de dominio público (natureza demanial que reúne a parcela obxecto da concesión administrativa outorgada) e, por outra banda, define os contratos de concesión de servizos como aqueles onde se encomenda a xestión dun servizo cuxa prestación sexa de

titularidade ou competencia do poder adxudicatario (at. 9 e 15 da LCSP). Neste senso, tendo en conta que a concesión administrativa ten como finalidade o establecemento dunha actividade de hostalería (bar-restaurant na Praia de Samil), resulta cuestionable cualificar dita actividade como de prestación dun servizo público de competencia municipal, xestionado mediante contrato de concesión de servizos, e con iso dentro do ámbito de aplicación da norma invocada pola concesionaria.

b). En calquera caso, non considerase que concorran as condicións esixidas polo art. 34.4, para recoñecer o dereito do concesionario a obter a compensación prevista en dita norma, coa finalidade de restablecer o equilibrio económico do contrato pola perda de ingresos e incremento de custes soportados durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19, xa que, como sinalase expresamente, esta *só procederá*, segundo dispón: *previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos gastos; e cando o órgano de contratación, a instancias do contratista, houbera apreciado a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia de dita situación e unicamente respecto a parte do contrato afectada por dita imposibilidade*.

A concesionaria no seu escrito limitouse a interesar dita compensación solicitando unha ampliación do prazo inicial da concesión, polo máximo previsto do 15%, pero sin chegar a reflectir nin *acreditar fidedignamente* a perda de ingresos e/ou incremento de custes soportados durante o período de duración da situación creada polo COVID (como exige dita norma), que poderá motivar a súa solicitude de prorroga.

Así mesmo, tampouco concorre neste caso, a necesaria declaración que se require por parte do órgano de contratación, sobre a imposibilidade de execución da concesión administrativa outorgada, que nin tan sequera chegou a expor pola concesionaria no seu escrito e que, en todo caso, como sinalouse anteriormente, resultaría extemporánea na data na que o presentou.

Por todo anteriormente exposto, pódese concluír que non cabe unha prorroga da concesión administrativa, tanto a teor do disposto no prego de condicións administrativas pola que se rexe, como o sinalado no art. 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, procedendo desestimar, neste senso, a solicitude formulada pola concesionaria.

CUARTO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Lei de Bases e na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

Conseguentemente, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:

Unico.- *Denegar á prorroga do prazo da concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun bar-restaurant sinalado no Plano "O" co n.º 4, na Praia de Samil, desta cidade de Vigo, solicitada pola concesionaria HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U, o non ser admisible de acordo co sinalado nos fundamentos xurídicos do presente acordo.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

8(773).- NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, GRUPO C. EXPTE. 47504/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/10/2025, asinado polo técnico de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/01/2025, (expediente 45814/220) acordouse nomear como persoal funcionario en prácticas do Concello de Vigo, na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local (subgrupo C1), aos aspirantes contidos na comunicación remitida pola AGASP en data 23/12/2024, que superaran o proceso selectivo por oposición libre, das prazas correspondentes a Oferta de emprego público 2023 para acceso a este Corpo, resultando os seguintes:

DNI	APELIDOS E NOME
4878*	CARIDE VIEITEZ, N.
5699*	PEREIRA VAZ, A.
4930*	RODRÍGUEZ ALONSO, M.
7171*	CARRERA PAZ, D.
1882*	SUÁREZ FERNÁNDEZ, Ó.
4923*	GONZÁLEZ FREIRE, J.

-O acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 10/01/2025, e os aspirantes nomeados tomaron posesión no Concello de Vigo como persoal funcionario en prácticas na categoría de Policía, subgrupo C1, o 15/01/2025.

-En referencia á mesma promoción, por acordo da Xunta de Goberno Local do 14/02/2025, nomeouse xa como funcionarios de carreira co cargo ás prazas da Oferta de emprego público 2023, da categoría de Policía, aos aspirantes con DNI ***5721** e ***6051**, por teren superado con anterioridade o curso selectivo e dispoñer xa da condición de funcionarios de carreira como policía en outra administración.

II.- Por outro lado, mediante Resolución do 04/12/2024, publicada no DOG de 13/12/2024, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) convocou o curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica, dos corpos da Policía Local de Galicia, correspondente á décimo sétima promoción.

III.- Con data 13/01/2025 recíbese informe da propia AGASP, firmado pola xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública, co visto e prace do director xeral, onde se recolle o seguinte:

"(...)De acordo co indicado nos informes emitidos, e na normativa sinalada e aplicable ao presente caso, certifico que:

4878*	N. CARIDE VIÉITEZ
7171*	D. CARRERA PAZ
4923*	J. GONZÁLEZ FREIRE
5699*	A. PEREIRA VAZ
4930*	M. RODRÍGUEZ ALONSO
1882*	Ó. SUÁREZ FERNÁNDEZ

Superaron o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante Resolución do 4 de decembro de 2024 e, polo tanto, o concello de Vigo pode proceder ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira do Corpo da Policía Local dese concello."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos termos que estableza unha lei orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O artigo 51 do referido Decreto, dispón que: *“La superación del curso selectivo es obligatoria para acceder a la categoría de policía. Aquellas personas que ya lo hubiesen superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública estarán dispensadas de realizar dicho curso.”*

E o artigo 55 do mesmo Decreto, establece que: *“Una vez que la persona aspirante supere el curso selectivo de que se trate, la persona titular de la Dirección General de la Academia Gallega de Seguridad Pública certificará dicha circunstancia al ayuntamiento, de manera que pueda procederse a su nombramiento como personal funcionario de carrera.”*

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el*

ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contémpase no artigo 60 da lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia: “...e) *Toma de posesión dentro del plazo de un mes a partir de la publicación del nombramiento o dentro del plazo previsto en la correspondiente convocatoria del proceso selectivo*”

D) No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo remitiu informe de data 03/10/2025 coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 04/12/2024 e publicado no DOG do 13/12/2024.

II.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

-Conforme ao disposto no artigo 55 da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais de Galicia:

“1. Los miembros de los cuerpos de la Policía local cumplirán estrictamente la jornada y el horario de trabajo que se determinen por el órgano competente.

2. En situaciones excepcionales, cuando se produzcan hechos o emergencias que así lo exijan, los funcionarios podrán ser requeridos para el servicio fuera de su jornada de trabajo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

3. En caso de que las necesidades extraordinarias del servicio obligaran a prolongar su prestación, tendrán que cumplimentarse las órdenes referidas al respecto, sin perjuicio de la compensación que proceda por el exceso de jornada realizado en la forma que se determine reglamentariamente.”

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente, co conforme da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de 13/06/2025).

Polo que se eleva ao órgano competente a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Nomear como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo, con cargo ás prazas de Policía Local, grupo C, subgrupo C1, da escala administración especial, executadas ao abeiro da Oferta de emprego público 2023, e conforme aos informes e demais documentación incorporada ao presente expediente a:

4878*	N. CARIDE VIÉITEZ
7171*	D. CARRERA PAZ
4923*	J. GONZÁLEZ FREIRE
5699*	A. PEREIRA VAZ
4930*	M. RODRÍGUEZ ALONSO
1882*	Ó. SUÁREZ FERNÁNDEZ

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no Concello de Vigo no prazo máximo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.-Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(773).- ADXUDICACIÓN DO POSTO DE ADXUNTA/O Á DIRECCIÓN DE INGRESOS E INSPECCIÓN TRIBUTARIA MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO. EXPTE. 1865/1102.

Visto o informe de fiscalización do 2/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/09/2025, asinado pola secretaria de Goberno local (Resolución de data 14.07.2023) e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 31 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de adxunto/a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria mediante o sistema de concurso específico.No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 14 de abril de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 71 as bases que rexe a convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

En data 13 maio de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 95 extracto da convocatoria.

En data 26 de maio de 2025 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 126 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 16 de xuño de 2025 rematou o prazo de presentación de instancias.

En data 1 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación. No mesmo acto designouse aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria e convocouse a sesión constitutiva e valoración provisional.

Consta no expediente acta da comisión de valoración de data 26 de agosto 2024 e posterior de data 2 e 23 de setembro de 2025 pola que se determina a valoración provisional e definitiva dos méritos xerais e específicos (primeira fase). Así mesmo consta acta da comisión de valoración de data 29 de setembro de 2025 na que, trala avaliación da segunda fase os membros da Comisión de valoración acordan

“PRIMEIRO.- Propoñer a adxudicación do posto de traballo de Adxunto/a a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria a favor da seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
MARIA DOLORES VIEITES ALEN	DNI **1014***	33,50	8	41,5

SEGUNDO.- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello.
“

Conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A vista da proposta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 29 de setembro de 2025 , procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a adopción do acordo conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL, previo informe de fiscalización pola Intervención Municipal, o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Adxudicar o posto de traballo de Adxunto/a a Dirección de Ingresos e Inspección Tributaria a favor da seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
MARIA DOLORES VIEITES ALEN	DNI **1014***	33,50	8	41,5

SEGUNDO.- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo. Expte. 22197/240.
- .- Resolución da convocatoria de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais período 2023-2024. Expte. 141/1061.
- .- Expediente de contratación dos servizos de estudo de impacto acústico e medicións acústicas “in situ” en relación cos diferentes eventos que conforman o programa das Festas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027. Expte. 10234/106.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(774).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA OS BENS MOBLES E INMOBLES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 22197/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (22197-240) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (22197-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de todo risco de danos materiais para

os bens mobles e inmobles do Excmo. Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 8/05/2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 17/07/2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2025	125.000,00 €
2026	250.000,00 €
2027	125.000,00 €
TOTAL	500.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 12 de setembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de setembro de 2025 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (22.197-240) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	84,00
2	MAPFRE ESPAÑA, SA	75,16
3	CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA (CASER SA)	74,95
4	OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL	74,09



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

	Licitador	Puntuación total
5	HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	30,27

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 18.3.6 do PCAP.*
- 2. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 12 de setembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 22 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 2 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS para que puidera emendar a documentación relativa aos Anexos IV e V do PCAP, a acreditación da solvencia económica e financeira e á acreditación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa ATRIGA. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o obxecto social da mercantil e o nomeamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (250.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (250.000,00 €), presentan declaración de traballos e certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.

- Acreditación da habilitación profesional esixida na cláusula 18.3.6 do PCAP.
- Aval por un importe de 16.857,54 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 9 de setembro de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AXA SEGUROS GENERALES, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro a todo risco de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (22197-240) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo da prima anual do seguro para as dúas anualidades é o de 168.575,43 euros.*
- b) *A redución da franquía é de 2.000 euros.*
- c) *Un incremento do límite de indemnización por sinistro de 15.000.000 € (punto 8 do PPT) a 30.000.000 €.*
- d) *Inclusión da cobertura de Servicio de Reparadores que atenda os sinistros de danos materiais ata sua completa terminación para proceder á reparación dos danos en caso de sinistro cuberto.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(776).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2023-2024. Expte. 141/1061.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 9/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 20 de xuño de 2025 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais, período 2024 - 2025 (expte. 141/1061). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 370.000,00 € con cargo a partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 25 de xuño de 2025 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras das subvencións para desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2024 - 2025. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou dende o día seguinte ao de publicación do extracto no BOOPO, sendo do 3 ao 23 de xullo de 2025 ambos os dous incluídos.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Compróbase que o expediente de cada solicitante proposto como beneficiario contén os certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo de conformidade co artigo 22 RD 887/2006 con carácter positivo e vixente, polo que faise necesaria a tramitación desta subvención co compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamento do ano 2025.

Respecto ao órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto nas bases e no artigo 127. 1 g) LRBRL e, fronte ao acordo, proceden os recursos previstos nas bases reguladoras da convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 8. 1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno deberá facerse pública, entre outra información, a relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

En sentido similar pronúnciase o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, se ben a devandita Lei non resulta de aplicación ás Entidades Locais, na medida na que o seu artigo 3 non inclúe a estas últimas no seu ámbito subxectivo de aplicación.

Procedese a resolución da solicitudes que optan a liña 1 conforme á base 8.2, as liñas 1 e 2 poderán tramitarse de xeito individualizado unha vez recibidas o total das solicitudes, clasificadas e valoradas en cadansúa liña, e coñecido o importe a conceder na liña 1.

Conforme a acta Comisión de Avaliación de 25.09.2025, que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos e á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2024 - 2025 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispoñendo o gasto con cargo á partida orzamentaria 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas” do orzamento en vigor:

Liña 1: concepto subvencionábel 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos:

1.1. Festas de especial interese no ámbito urbano cunha antigüidade de máis de 75 anos e un presuposto superior a 60.000€ (IVE incluído), **cunha asignación fixa de 35.000,00 €:**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
158-1061	Hermanidad de Devotos de San Roque	G36763225	Romaria de San Roque

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.1): 35.000,00 €

1.2. Festas patronais e copatronais en barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

a) cunha antigüidade de máis de 50 anos e que teñan un orzamento superior a 60.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 18.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
176-1061	Asociación Irmandade de Santa Ana Beade	G36648095	Festas Patronais na honra de Santa Ana
187-1061	Irmandade de San Campio	G36840940	Festas Patronais San Campio
171-1061	Asociación Cultural Hermanidad Fiestas Dolores	G36846921	Festas das Dores de Cabral
167-1061	Asoc. Cultural Festas da Consolación de Coia	G36633030	Festas da Consolación de Coia
200-1061	Asociación Festas dos Liñares	G27784230	Romería dos Liñares

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,A): 90.000,00 €

b) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 12.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
190-1061	Asoc. Cult. Hdad Fiestas Sta Marina-Cabral	G36837425	Festas Patronais Sta Mariña – Cabral
170-1061	Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá	G36954162	Festas Patronais Nosa Sra. das Neves
153-1061	H. de Fiestas P. San Blas e Santiago Bembrive	G36705036	Festas San Blas
169 -1061	H. de Fiestas P. San Blas e Santiago Bembrive	G36705036	Festas Santiago Apostol
156 -1061	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Festas Patronais de San Cristobal
155 -1061	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Festas Patronais dulce nombre de María
157-1061	C. Festas San Xoan Bautista de Freixo	G36791846	Festas San Xoan de Freixo
172-1061	Irmandade de Festas de Sta. Cristina Lavadores	G729336107	Festas Patronais Sta Cristina de Lavadores
196-1061	Asoc. Festas del Rosario	G36710689	Festas do Rosario
182-1061	A. S. de Festas Virxe do Carme de Coruxo	G36723229	Festa Patronais Virxe do Carme
162-1061	Comisión de Festas Sta. Eulalia de Alcabre	G56634306	Festas Patronais de Alcabre
189 -1061	Asociación Fiestas de San Lorenzo	G36401688	Festas de San Lorenzo

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,B): 144.000,00 €

c) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a 10.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 4.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
168 -1061	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	Festa das Candelas e San Brais
161 -1061	Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares	G36962389	Verbena da Pomba

150 -1061	Asoc de Veciños del Calvario	G36648293	Festa da Alegría 2025
194 -1061	C. de Festas Nosa Sra. das Neves a Guía	G36731404	Festas da Guía
207 - 1061	Asoc. Festas de San Sebastian Coruxo	G36755015	Festas nas Honras de San Sebastián

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2.C): 20.000,00 €

1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos, asignación fixa de 4.000,00€

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
164 -1061	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	XXXVI Romería do Pan de Mi-llo
166 -1061	Asociación Cultural O Coto	G36627941	XXXVII Festa do Cabazo
177-1061	Asoc. de Veciños da Feira Cabral	G36729796	XXV Festa do Xurelo
195-1061	Asoc. de Veciños de Beade AVCU-CSCR	G36632081	Festa – Feira da Cereixa

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.3): 16.000,00 €

1.4.- Festivais folclóricos internacionais que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

a) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 12.000,00 €.**

Non se presenta ningunha entidade.

b) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a 10.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 4.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
178-1061	Centro Recreativo Artístico e Cultural Coruxo	G36627495	Festival Folclórico Internacional

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.4.b): 4.000,00 €

1.5. Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías

a) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 € (IVE incluído), **signación fixa de 12.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
180 -1061	Casa de Andalucía	G36627495	Feria de Abril de Vigo

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.5.a): 12.000,00 €

b) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a **10.000,00 €** (IVE incluído), **asignación fixa de 4.000,00 €.**

Non se presenta ningunha entidade.

O importe total concedido ao concepto subvencionable 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos ascende a **321.000,00€**

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude ás entidades que a continuación se relaciona:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	MOTIVO:
173-1061	Asoc. Comercializadores de Pescado de Vigo	G36614717	Por non figurar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo
181-1061	Cofradía Orden de la Cigala	G70670989	Por non completar a documentación requirida.

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionabel 1.- O saldo restante (49.000,00 €) distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de 2 programa)

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de 2 programa).

CUARTO.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

QUINTO.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(777).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ESTUDO DE IMPACTO ACÚSTICO E MEDICIÓNS ACÚSTICAS “IN SITU” EN RELACIÓN COS DIFERENTES EVENTOS QUE CONFORMAN O PROGRAMA DAS FESTAS DO NADAL 2025-2026 E 2026-2027. Expte. 10234/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 8/10/2025 e o informe de fiscalización do 9/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 7/10/2025, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución do día 11.04.2024 o concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto os servizos de estudo de impacto acústico e medicións acústicas “in situ” en relación cos diferentes eventos que conforman o programa das Festas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 11.04.2024.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 11.04.2024 e conformada pola secretaria do Goberno Local con data 15.04.2024.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 16.09.2025.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 16.09.2025.
- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola dirección superior contable e ornamentación o día 31.07.2025 (operación nº 12025000094912 -RC- e 12025000094913 -RCFUT-).
- **Memoria económica do contrato** asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 06.10.2025.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 29.09.2025.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 29.09.2025.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de redacción do estudo de impacto acústico e medicións acústicas in situ, en relación aos diferentes eventos que conforman o programa das Festas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 de Vigo asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 07.10.2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior corrección de data 28.06.2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais mediante resolución de data 11.04.2024, conformada pola secretaria do Goberno Local con data 15.04.2024, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto os servizos de estudo de impacto acústico e medicións acústicas “in situ” en relación cos diferentes eventos que conforman o programa das Festas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027** cun orzamento base de licitación de vinte e oito mil oitocentos corenta e tres, con noventa e un euros, segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE CON IVE
TOTAL ANO 2025	11.023,89 €
TOTAL ANO 2026	14.492,88 €
TOTAL ANO 2027	3.327,14 €
TOTAL CONTRATO	28.843,91 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 16.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 07.10.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 11.023,89 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2270600 “ASISTENCIAS TÉCNICAS” e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 4310.2270600 “ASISTENCIAS TÉCNICAS”, crédito por importe de 14.492,88 €, e nos orzamentos iniciais do exercicio 2027 na aplicación orzamentaria 4310.2270600 “ASISTENCIAS TÉCNICAS”, crédito por importe de 3.327,14 €.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1957/1102

13(776).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TTE. DE ALCALDE
M. Carmen Silva Rego.